

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de OUTUBRO de 2004**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro xoves, día 28 de outubro de 2004, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº 11/04, correspondente á sesión celebrada o día 30 de setembro de 2004.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola presidencia, da nº 14.000 á nº 14.962.
- 3.- Toma de coñecemento do informe de fiscalización referente á Deputación da Coruña, correspondente aos exercicios 2000-2001 do Consello de Contas de Galicia.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 4.- Modificación das Ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos que rexerán para o exercicio 2005.

Cooperación e asistencia a concellos

- 5.- Aprobación do Programa operativo local adicional 2/2004 por aplicación do fondo de reserva de eficacia.
- 6.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Trav. de Ledoño, marxe dereita” do Concello de Culleredo incluída no POS 2003. Código: 03.2100.0138.0.
- 7.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Accesos á igrexa de Santaia” do Concello de Tordoia, incluída no POS 2003. Código: 03.2100.0365.0.
- 8.- Aprobación da modificación do proxecto da obra “Depósito de captación de auga no Baño” do Concello de Mugar dos, incluída no POS 2004. Código: 04.2100.0192.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 9.- Aprobación da formalización do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Vermella Española para a adquisición dun vehículo de transporte adaptado con destino á Cruz Vermella Española (A Coruña).
- 10.- Aprobación da formalización dun convenio entre a Excma. Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros para o financiamento das obras da reparación da travesía en Bastiagueiro, sebe separador.

11.- Aprobación da 2ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

12.- Aprobación da modificación do proxecto técnico da obra “Igrexa dos Remedios de Teixeira” (Curtis). Código: 00.4100.0474.0 PAP.

13.- Aprobación da 5ª fase da anualidade 2003 da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación, incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

Infraestruturas viarias: Vías e Obras provinciais

14.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2004-4ª fase integrada polo proxecto complementario do de ampliación e mellora do trazado na E.P. 0301 de Parada a Congostro por Ponte Aranga, PK 8,300 ao 11,570. Código: 04.1110.0014.0

Promoción Económica, Emprego e Turismo

15.- Modificación das actuacións da segunda anualidade (2004) do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

16.- Adenda ao convenio tocante á obra de urbanización do Polígono de Tambre en Santiago de Compostela, suscrito entre a Deputación provincial, a Consellaría de Innovación, Industria e Comercio, Xestur Coruña e o Concello de Santiago de Compostela.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 11/04, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2004.

Apróbase a acta anterior nº 11/04, correspondente á sesión celebrada o día 30 de setembro de 2004.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 14.000 Á Nº 14.962.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.000 á nº 14.962.

Sr. secretario

Dentro das tomas de coñecemento, hai que lle dar conta ao Pleno, conforme ao disposto no art. 96 do Regulamento orgánico, de que o grupo provincial popular comunicou con data do 1 de outubro a adscrición do deputado don José Ferreiro Pardiñas ás comisións informativas ás que pertencía provisionalmente Don Eduardo Lamas Sánchez, é dicir, Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero, Normalización Lingüística; Plans Especiais, Contratación e Equipamento, e Deporte, Xuventude e Medio Ambiente.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE FISCALIZACIÓN REFERENTE Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA, CORRESPONDENTE AOS EXERCICIOS 2000-2001 DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.

Visto o informe de Fiscalización referente á Deputación da Coruña correspondente aos exercicios 2000 e 2001 elaborado polo Consello de Contas de Galicia,

PROPOÑO:

Dar conta ao Pleno da Corporación do devandito informe en atención ao establecido no artigo 19 e Disposición Adicional da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, e no artigo 14 da LO 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

4.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE REXERÁN PARA O EXERCICIO 2005.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Imos tratar as ordenanzas fiscais correspondentes ao próximo exercicio 2005. Non se nos escapa que é un aspecto importante, como son todos, tanto cuantitativa como cualitativamente, que vai influír nos orzamentos tamén do mesmo exercicio.

Temos que destacar en primeiro lugar, ao inicio da intervención, que esta parte orzamentaria é a única parte orzamentaria autónoma con que conta este ente provincial, practicamente a única igualmente ca outros aspectos como poden ser o endebedamento ou o alleamento de investimentos reais. Aínda que neste caso temos que dicir tamén, con rigor e con seriedade, facendo unha reflexión en voz alta, que notamos en falta a concreción económica do IAE porque, indubidabelmente, levamos unha demora, tanto os concellos como as deputacións, os cabidos e os consellos insulares, na compensación do IAE, que non está definida, pero que nos consta que a través dos organismos municipalistas da FEMP, fundamentalmente, e tamén da FEGAMP, que se están a facer uns esforzos para que se teña en conta e se leve a efecto o máis rápido posíbel. Teño que dicirilles que de cara ao próximo orzamento baixarán sensibelmente as achegas, tanto nacionais como provinciais do IAE, pero si que terán unha pequena compensación, aínda

que baixo o noso modesto entender, non o necesario nin o suficiente, dado que a supresión deste imposto, como vimos criticando, fíxose demasiado acelerada.

Non se nos pode esquecer tampouco que dentro destas taxas e prezos públicos aparecen cuantitativamente dous aspectos importantes, aínda que cualitativamente todos teñen a súa importancia, temos que destacar a taxa de recadación, que é a que achega máis dividendos ao capítulo de ingresos do orzamento, e en segundo lugar á do Boletín Oficial da Provincia.

Dende o punto de vista formal, o expediente consta da memoria da Presidencia, do informe da Sección de Recursos Propios, da modificación proposta que se fai nas ordenanzas fiscais, o informe técnico que incorpora estudos económicos financeiros e de avaliación do custo, de acordo e seguindo as premisas do artigo 25 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, e por último o ditame da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas.

As modificacións que se propoñen, agás a non necesidade por primeira vez de optar á decisión por maioría absoluta, como ben saben as señoras e señores deputados, coa entrada en vigor da Lei das grandes cidades, modifica neste aspecto a Lei de bases de réxime local, di que non é necesario, non o di especificamente, pero derroga o artigo que así o dicía, o artigo 47, apartado f). Á parte da non necesidade da maioría absoluta, eu destacaría dous aspectos fundamentais, un, digamos de forma, e outro, de fondo. O de forma é a adaptación das ordenanzas ás disposicións legais que entraron en vigor recentemente, entre outras, o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2 /2004, do 5 de marzo, ao que facía referencia ao inicio da intervención, e a Lei 58/2003, do 17 de decembro, que ben é coñecido, é Lei xeral tributaria, que entrou en vigor no mes de xullo pasado, e no que se recollen distintos aspectos en distintas ordenanzas, que aparecen reflectidos perfectamente no ditame, e que non me vou referir a eles. Igualmente outros aspectos, que xa se falaba no ano 2004, de economía, eficiencia e eficacia, son aspectos que cremos importantes e que cremos que son necesarios aplicar o máis adecuadamente posíbel a este aspecto orzamentario, o máis autónomo do orzamento provincial. Iso en canto ao aspecto de forma; en canto ao aspecto de fondo, digamos que as tarifas crecen un 2,7%, seguimos os criterios que se viñeron marcando no exercicio 2004, e noutros exercicios anteriores, que é o IPC interanual entre abril 2003/abril 2004, isto afecta fundamentalmente ás Ordenanzas números 2, 3, 4, 10, 11, 13 e 14; mantense a taxa de recadación, cun 5% en voluntaria e un 75% en executiva, que permanecerá invariábel mentres se teña o convenio asinado polos concellos, que como ben é sabido, ten unha duración de dez anos; e tamén se mantén a taxa de recarga provincial do imposto sobre actividades económicas nun 25%.

Quero destacar que a antiga Lei de facendas locais e o actual texto refundido marcaban como pauta a necesidade de equilibrar o ingreso por taxa co custo do servizo, porén moitas veces estes equilibrios non se dan, como é no caso de moitas das ordenanzas da deputación, e así aparece reflectido nos distintos informes de tipo económico-financeiro que acompañan no expediente a este punto que imos someter a debate. Pero tamén sabemos todos que o desexo deste goberno provincial, como tamén se reflectía nos gobernos anteriores, é de tentar achegar o equilibrio, é dicir, tentar pechar ese abano para chegar á neutralidade e chegar a un equilibrio orzamentario entre custo do servizo e o seu ingreso. Tamén sabemos que as leis actuais, o texto refundido, di que cando existan razóns de tipo social, benéfico, cultural, ou de interese público, poderanse fixar unhas taxas e uns prezos públicos que, aínda que non equilibren, poidan desequilibrar nunha parte esta relación custo-ingreso do servizo.

Polo tanto, e xa vou acabando esta primeira intervención, Sr. presidente e Sras. e Sres. deputados, fundamentalmente nestas ordenanzas fiscais se trata dunha adaptación á lexislación; temos que ser reflexivos sobre o IAE e facer a crítica, seguir demandando, como dicía con anterioridade, dende os nosos foros municipalistas, a compensación que nos ten que chegar adecuadamente; o incremento é o 2,7%, tendo en conta o IPC interanual, e que mantemos as dúas taxas de recadación e do imposto de actividades económicas.

Por todo iso, solicito do grupo do Partido Popular o voto favorábel non xa a este ditame, senón á aprobación das ordenanzas fiscais que rexerán no ano 2005. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Por parte do grupo provincial popular, e sentíndoo moito, non podemos prestar esa aprobación que solicita o Sr. Lagares. A miña intervención vai ser breve porque me vou limitar ao tema concreto das taxas, o IAE tratarémolo, supoño, moi amplamente cando falemos dos orzamentos da deputación.

E se ben, obviamente, non temos ningunha obxección aos aspectos formais, porque a adaptación das ordenanzas á normativa legal é obrigatoria e se fai correctamente, si no que realmente temos que disentir é no incremento das tarifas. Nós entendemos que o incremento debía ser o que se establece con carácter xeral nos Orzamentos xerais do Estado e nos Orzamentos da comunidade autónoma, que é o 2%, que é a inflación prevista, e non a inflación real. Este criterio xa o mantivemos en relación ao Orzamento 2004, e coincide cos orzamentos reais da deputación do ano 2003, en que as taxas se incrementaron un 2%, neste caso co voto non só do Partido Popular, senón tamén, creo lembrar, do Partido Socialista, nos últimos orzamentos que o grupo provincial popular lle

presentou a esta cámara. Por esta razón, simplemente por entender que dende a deputación debemos de manter os mesmos límites que se manteñen nas outras dúas Administracións, con miras a moderar a inflación, entendemos que a porcentaxe debe ser do 2%, e por esa razón votaremos en contra.

Sr. Lagares Pérez

Simplemente unha matización. Non entendín moi ben o que explica o Sr. Rodríguez. Efectivamente, fálanos dun 2%, non sabemos de que, porque o ano pasado posibelmente falase doutro tema, eu entendo que neste caso os Orzamentos xerais do Estado, entendo, de cara a determinados incrementos, concretamente no capítulo I, non son do 2%, está nunha banda entre o 3,2% e o 3,5%. Esta aclaración, que pronto se reflectirá en realidade porque neste momento os Orzamentos do Estado se están a debater na Cámara en comisión, pero que neste momento figura o que lle remato de dicir eu, e que veremos reflectidos cando se aproben, claro, e as directrices van por aí, a nivel de persoal, pero que discutiremos indubidabelmente nos orzamentos. Seguimos mantendo este IPC interanual, que nos parece a banda adecuada, do 2,7% entre abril de 2003 e abril de 2004. Moitas grazas.

Sr. presidente

Sr. Rodríguez, ten a palabra pero a diferenza é que nosoutros aplicamos o IPC real e vostedes queren o previsto, e xa está claro, non hai máis que falar, e que a tarifa é moi por debaixo dos custos, pero ben, brevemente.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Creo que o Sr. presidente e eu tiñamos as ideas moi claras, non así o Sr. Lagares, polo que parece. Obviamente, estamos a falar nesta cámara de algo que todos entendemos, parece que o Sr. Lagares ao mellor non o entendeu claramente, que é o incremento das taxas que figuran nos Orzamentos xerais do Estado sobre as taxas estatais, e nos Orzamentos da comunidade autónoma sobre as taxas da comunidade autónoma, non falamos do capítulo I, estamos a falar do mesmo concepto, dun criterio que aquí se separa dos Orzamentos xerais do Estado e da comunidade autónoma, e que polo tanto non entendo esa digresión sobre o capítulo I. Moitas grazas.

Sr. presidente

Se me permiten, a diferenza que hai entre a posición do grupo de goberno e o Partido Popular, é que o grupo de goberno tomamos o IPC real e non o IPC previsto; o IPC real foi o que tomou sempre o Partido Popular cando estivo a gobernar, agás unha

anualidade. En calquera caso.... –agás no ano 2002 o grupo Popular tomou sempre o IPC real-, como o está a facer agora o grupo de goberno, en calquera caso estamos a falar do 0,7%, do 1, 2% do orzamento desta deputación, e para tranquilidade de todos, as tarifas están moi por debaixo do custo da prestación dos servizos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 –PSOE e 5 –BNG)

Votan en contra: 15 deputados (PP)

Abstéñense: Ningún.

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia emitida para dar cumprimento ao disposto no art. 218.4 do Regulamento de facendas locais.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios.
- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da avaliación de custos (art. 24.2 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e art. 20 da Lei 8/1989).
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar as modificacións da *Ordenanza fiscal n° 2* reguladora da taxa polo servizo de publicacións, subscripción e venda do Boletín Oficial da Provincia (artigos 1,3,4,5.1 e 7), *Ordenanza Fiscal n° 3* reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame (art. 1,3 e 6), *Ordenanza fiscal n° 4* reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón (art.1,3,5 e 6), *Ordenanza fiscal n° 5* reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios (art. 1), *Ordenanza fiscal n° 6* reguladora da recarga provincial do imposto sobre actividades económicas (art. 1 e 2), *Ordenanza fiscal n° 7* contribucións especiais (art. 1,3.1,5.1 e

8), *Ordenanza fiscal n° 8* reguladora da taxa por autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais (art. 1,4 e 5), *Ordenanza fiscal n° 10* reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza (art. 1, 3 e 6), *Ordenanza fiscal n° 11* reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais (art.1,3 e 6), *Ordenanza fiscal n° 13* reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva (art. 1 e 4.2) e *Ordenanza fiscal n° 14* reguladora do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán (art.1 e 4.2).

2º) Aprobar un incremento das tarifas dun 2,7%, para a O.F. n° 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións, subscrición e venda do BOP; O.F. n° 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame; O.F. n° 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón; O.F. n° 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza; O.F. n° 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de servizos sociais, O.F. n° 13 reguladora do prezo público pola utilización da pista polideportiva e O.F. n° 14 reguladora do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, que é o incremento que experimentou o índice de prezos ao consumo durante o período abril/2003 - abril/2004.

3º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

4º) Unha vez aprobadas definitivamente, publicación íntegra das modificacións das Ordenanzas fiscais números 2,3,4,5,6,7,8,10,11 e Ordenanzas reguladoras do prezo público n° 13 e 14. (ANEXO 1)

5º.- As ordenanzas comezarán a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra estas e unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais:

- As Ordenanzas fiscais núms. 2,3,4,5,6,7,8, e as Ordenanzas reguladoras do prezo público núms. 13 e 14 a partir do 1 de xaneiro de 2005.

- A Ordenanza fiscal n° 10 para o curso escolar 2005/2006.

- A Ordenanza fiscal nº 11 para o curso escolar 2005/2006 no Colexio Calvo Sotelo e a partir do 1 de xaneiro de 2005 nos Fogares infantís e xuvenís.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán estas, despois da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. “

5.- APROBACIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 2/2004 POR APLICACIÓN DO FONDO DE RESERVA DE EFICACIA.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Moi brevemente, Sr. presidente, moitas grazas. Direi que o grupo popular desta deputación vai votar a favor dende o punto nº 5 até o 16, ambos os dous inclusive, porque son temas, algúns son reformados que non teñen aumento económico ningún, outros son complemento de documentación, outros se hai aumento é a cargo do concello, e outros temas son algunhas modificacións en temas que xa estaban en marcha, como o Plan de dinamización turística ou o investimento que se vai facer no Polígono de Tambre en Santiago, etc., etc. Repetir que imos votar o resto dos puntos a favor.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o oficio recibido do Ministerio de Administracións Públicas no que se lle comunica a asignación a esta Deputación da cantidade de 1.819.306,41 € dos fondos FEDER pola aplicación do fondo de reserva de eficacia destinado ao financiamento de novas actuacións do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL OBXECTIVO 1 2000-2006, que se asocia a un investimento polo importe total de 2.599.009,16 €.

Tendo en conta as solicitudes presentadas polos concellos cuxa documentación administrativa e técnica está correcta e completa.

E tendo en conta que as actuacións incluídas responden á medida 5.3 "Infraestrutura e equipamentos colectivos en concellos menores de 20.000 habitantes" cuxa taxa de cofinanciamento FEDER é do 70%.

1.- Aprobar o adicional nº 2 á anualidade 2004 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos FEDER e Deputación, por aplicación do fondo de reserva de eficacia do devandito programa.

As cifras globais de financiamento, detalladas por anualidades e axentes financiadores son as seguintes:

	2004	2005	TOTAL
FEDER	909.653,2	430.675,08	1.340.328,28
Deputación	324.876,14	153.812,53	478.688,67
Deputación - Concello	64.975,23	30.762,51	95.737,74
TOTAL	1.299.504,57	615.250,12	1.914.754,69

A Deputación financiará as cantidades que lle correspondan aos concellos.

O importe total de 1.299.504,57€ a que ascende a anualidade 2004 do POL adicional 2/2004, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2004.

A diferenza polo importe de 684.254,47 € existente entre o total do investimento que se pode executar con cargo ao fondo de reserva de eficacia, que ascende a 2.599.009,16 €, e o importe total aprobado no presente POL adicional 2/2004, que ascende a 1.914.754,69 €, destinarase, xunto coas baixas da licitación que se poidan producir no presente plan, ao financiamento de novas actuacións nun futuro Programa operativo local que se vai aprobar na anualidade 2005 por aplicación do fondo de reserva de eficacia.

2.- Aprobar os proxectos dos investimentos plurianuais 2004-2005 que se inclúen no POL adicional 2/2004, e que de seguido se relacionan con detalle do seu financiamento por anualidades.

POL ADICIONAL 2/2004

MEDIDA 5.3

Concello	DENOMINACIÓN	Código	ORZAMENTO	FEDER	'DEPUTACIÓN	
			CONTRATA	FEDER-LOCAL	DEPUT.F.P.	DEP. CONCE.
BOIMORTO	SANEAMENTO EN VILANOVA, O REGO DO SEIXO, BOIMIL	04.2302.0152.0	124.349,54	87.044,68	31.087,38	6.217,48
		05.2302.0152.0	58.867,70	41.207,39	14.716,92	2.943,39
		TOTAL	183.217,24	128.252,07	45.804,30	9.160,87
BOIRO	MELLORA ABASTECIMENTO DE AUGA EN BOIRO	04.2302.0153.0	149.374,47	104.562,13	37.343,61	7.468,73
		05.2302.0153.0	70.714,63	49.500,24	17.678,65	3.535,74
		TOTAL	220.089,10	154.062,37	55.022,26	11.004,47
BOIRO	SANEAMENTO EN BRAZOS	04.2302.0154.0	74.633,14	52.243,20	18.658,28	3.731,66
		05.2302.0154.0	35.331,70	24.732,19	8.832,92	1.766,59
		TOTAL	109.964,84	76.975,39	27.491,20	5.498,25
PONTEDEUME	SANEAMENTO ANDRADE, VALDEVIÑATOS	04.2302.0155.0	465.113,22	325.579,25	116.278,30	23.255,67
		05.2302.0155.0	220.186,94	154.130,86	55.046,73	11.009,35
		TOTAL	685.300,16	479.710,11	171.325,03	34.265,02
PORTO DO SON	SEPARACIÓN AUGAS FECAIS E PLUVIAIS EN PORTO DO SON	04.2302.0156.0	241.403,66	168.982,56	60.350,91	12.070,19
		05.2302.0156.0	114.281,71	79.997,20	28.570,42	5.714,09
		TOTAL	355.685,37	248.979,76	88.921,33	17.784,28
TRAZO	DISTRIBUCIÓN AUGA CAMPO E SANEAMENTO NO AGRO DO MESTRE	04.2302.0157.0	203.953,42	142.767,39	50.988,35	10.197,68
		05.2302.0157.0	96.552,58	67.586,81	24.138,14	4.827,63
		TOTAL	300.506,00	210.354,20	75.126,49	15.025,31
VALDOVIÑO	SANEAMENTO E ABASTECIMENTO A POULO	04.2302.0158.0	40.677,12	28.473,99	10.169,31	2.033,82
		05.2302.0158.0	19.314,86	13.520,39	4.828,75	965,72
		TOTAL	59.991,98	41.994,38	14.998,06	2.999,54
Total 2004			1.299.504,57	909.653,20	324.876,14	64.975,23
Total 2005			615.250,12	430.675,08	153.812,53	30.762,51
TOTAL			1.914.754,69	1.340.328,28	478.688,67	95.737,74

3.- A Deputación comprométese a incluír no orzamento de 2005 as cantidades necesarias para financiar as correspondentes anualidades das obras plurianuais, así como a suplir con fondos propios se fose necesario, as achegas do resto das administracións cofinanciadoras.

4.- As baixas que se produzan na adxudicación das obras plurianuais citadas anticiparán o seu financiamento, aplicándose polo seu importe total na minoración da última ou, no seu caso, últimas anualidades previstas.

5.- Dispor a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

6.- Remitir o expediente para informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, debéndose ter en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

7.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debéndose ter en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

8.- Remitir o expediente para informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/97 de administración local de Galicia, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderán proseguir coas actuacións.

9.- Unha vez transcorrido o prazo de 10 días de información e exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o Programa operativo local adicional 2/2004.”

6.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “TRAV. DE LEDOÑO, MARXE DEREITA” DO CONCELLO DE CULLEREDO INCLUÍDA NO POS 2003. CÓDIGO: 03.2100.0138.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto reformado con incremento e demais documentación presentada polo Concello de Culleredo relativa da obra "Trav. Ledoño, marxe dereita" do Concello de Culleredo, incluída no POS 2003 co código: 03.2100.0138.0.

1º.- Aprobar o proxecto reformado da obra "Trav. Ledoño, marxe dereita" do Concello de Culleredo, incluída no POS 2003 co código: 03.2100.0138.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, mantendo invariábeis as achegas da Deputación e do Estado.

03.2100.0138.0**Trav. Ledoño, marxe dereita**

	<u>Proxecto inicial</u>	<u>Proxecto reformado</u>	<u>Diferenza</u>
Deputación f.p.	12.646,36	12.646,36	0
Deputación préstamo	73.594,51	73.594,51	0
Estado	28.840,33	28.840,33	
Concello	72.803,69	134.915,3	62.111,61
TOTAL	187.884,89	249.996,5	62.111,61

2º Dispor a súa exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º Remitir o expediente para informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

4º Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5º Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación dispostos na Lei de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

7.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACCESOS Á IGREXA DE SANTAIA” DO CONCELLO DE TORDOIA, INCLUÍDA NO POS 2003. CÓDIGO: 03.2100.0365.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "**Accesos á igrexa de Santaia**" do Concello de Tordoia incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2003 (Código: 03.2100.0365.0) cun orzamento de contrata de **41.482,60 €** que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade da obra pero representa cambios internos substanciais.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
03.2100.0365.0	Tordoia	Accesos á igrexa de Santaia	16.792,16	16.248,73	6.367,58	2.074,13	41.482,6

8.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “DEPÓSITO DE CAPTACIÓN DE AUGA NO BAÑO” DO CONCELLO DE MUGARDOS, INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO: 04.2100.0192.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto modificado da obra "**Depósito de captación de auga no Baño**" do Concello de Mugardos incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2004 (código: 04.2100.0192.0) cun orzamento de contrata de 70.771,37 € que non representa ningunha variación no seu orzamento total, nin varía na finalidade da obra pero que presenta cambios internos.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f. propios</u>	<u>Deputación préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento total</u>
04.2100.0192.0	Mugardos	Depósito de captación de auga no Baño	27.928,49	23.638,15	10.318,47	8.886,26	70.771,37

9.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO CON DESTINO Á CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (A CORUÑA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a formalización do convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Vermella Española para a adquisición dun vehículo de transporte adaptado con destino á Cruz Vermella Española (A Coruña), cunha achega da Deputación de 96.000 euros que se aboará con cargo á aplicación 0202/412E/629.99, fase 04/0002, núm. de Rexistro 8.059 do 27/09/04.”

CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A DOAZÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO

A Coruña, oito de outubro de dous mil catro

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, asistido polo secretario xeral da Deputación DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA

E doutra D. ANTONIO ABEIJÓN FÁBREGAS, presidente da Asemblea Provincial da Cruz Vermella Española na Coruña.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

EXPOÑEN:

1.-A Cruz Vermella vén desempeñando nesta provincia o servizo de transporte adaptado, grazas ao cal, gozan ao cabo do ano, de servizos sanitarios, de lecer, e de traslado, numerosas persoas, entre maiores, universitarios e escolares discapacitados, participando nas actuacións necesarias na forma establecida nas leis e nos Plans nacionais ou territoriais correspondentes.

2.- A Deputación recoñece o importante labor que realiza a Cruz Vermella en todas as súas actuacións e especialmente co servizo de transporte adaptado, e por iso considérase necesario formalizar un convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

A Deputación adquirirá consonte cos trámites previstos na normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, un vehículo de transporte adaptado con destino á Asemblea Provincial da Cruz Vermella.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

A Deputación Provincial da Coruña financiará o citado vehículo cunha achega máxima de 96.000,00 euros a través do outorgamento dunha subvención de carácter nominativo á Cruz Vermella Española.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 100% do total dos gastos; facendo constar que non haberá achegas doutras entidades públicas ou privadas en relación co obxecto deste Convenio.

TERCEIRA.- A Deputación doará gratuitamente o citado vehículo á Cruz Vermella Española.

CUARTA.- A Cruz Vermella correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións e seguros.

QUINTA.- Así mesmo Cruz Vermella comprométese a manter durante toda a vida útil do vehículo, a rotulación onde conste que foi doado pola Deputación Provincial da Coruña.

SEXTA.- O vehículo adaptado destinarase exclusivamente a fins propios da Cruz Vermella. En caso contrario, reverterán automaticamente á Deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día

Así o din, e asinan e outorgan por cuadruplicado exemplar no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O PRESIDENTE DA ASEMBLEA
PROVINCIAL DA CRUZ VERMELLA

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Asdo: Antonio Abeijón Fábregas

10.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA O

FINANCIAMENTO DAS OBRAS DA REPARACIÓN DA TRAVESÍA EN BASTIAGUEIRO, SEBE SEPARADORA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a formalización do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para o financiamento das obras de reparación de travesía en Bastiagueiro sebe separadora, cunha achega da Deputación de 92.565,29 euros que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 0501/519Z/762.87.”

CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA ESTABELECER A COLABORACIÓN DE AMBAS AS DÚAS INSTITUCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REPARACIÓN DE TRAVESÍAS EN BASTIAGUEIRO, SEBE SEPARADORA

A Coruña, de de 2004.

Dunha parte, o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, asistido polo secretario xeral DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA

E doutra, o Sr. alcalde-presidente do Concello de Oleiros

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, pola razón dos seus cargos, lles están atribuídas

EXPOÑEN:

1.- Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o 27 de febreiro de 1998, aprobou a 3ª fase do Plan 2000 infraestruturas anualidade 1998, dentro do cal figuraba incluído o proxecto de TRAVESÍA DE BASTIAGUEIRO SEBE-SEPARADORA, termo municipal de Oleiros.

2.- Unha vez cumpridos os trámites da licitación, o contrato adxudicóuselle á empresa *ESCAVACIONES, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES, S.A. (EXTRACO)* no prezo de 16.769.000.- pesetas (100.783,72.- euros), segundo consta na Resolución de Presidencia número 8952 do 21 de maio de 1998, constituíndo unha garantía definitiva por importe de 16.769.000.- pesetas (100.783,72.- euros), encomendándose a dirección das obras aos servizos técnicos do Concello de Oleiros.

3.- Mediante Resolución de Presidencia número 232/2002 declarouse a resolución do contrato das citadas obras por causas imputábeis ao contratista, (defectuosa execución da obra) incautándose a garantía definitiva por importe de 16.769.000.- pesetas (100.783,72.- euros), de conformidade co disposto no artigo 114 parágrafo 4º da Lei 13/1995 de contratos das administracións públicas.

4º.- O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 28 de marzo de 2003, aprobou o texto do CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA ESTABELECER A COLABORACIÓN DE AMBAS AS DÚAS INSTITUCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REPARACIÓN DAS OBRAS DE TRAVESÍA DE BASTIAGUEIRO, SEBE SEPARADORA.

5º.- O citado convenio formalizouse en documento administrativo núm. 47/2003 do 21 de maio de 2003.

6º.- Na cláusula SÉTIMA do convenio estableceíase que este tería vixencia até o 30 de novembro de 2003.

7º.- Que por causas non imputábeis ao concello, as obras non se puideron executar na súa totalidade dentro do prazo de vixencia do convenio suscrito.

8º.- Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros consideran necesario financiar as citadas obras mediante a formulación dun novo convenio.

Por todo o cal:

ACORDAN:

Formalizar o presente **CONVENIO** consonte ás seguintes **CLÁUSULAS:**

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para financiar as obras de REPARACIÓN DE TRAVESÍAS EN BASTIAGUEIRO SEBE SEPARADORA, que se divide en dúas fases:

1ª Fase, acondicionamento do terreo na Avenida Ernesto Che Guevara cun orzamento base de licitación de 54.986,40 euros e adxudicado no prezo de 50.521,24 euros.

2ª Fase, axardinamento na Avenida Ernesto Che Guevara cun orzamento base de licitación de 45.797,33 euros e adxudicado no prezo de 42.044,05 euros.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

A Deputación Provincial da Coruña financiará as citadas obras cunha achega máxima de 92.565,29 euros a través do outorgamento dunha subvención de carácter nominativo ao Concello de Oleiros, importe que se corresponde co prezo de adxudicación das obras.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 100% do prezo de adxudicación de ambos os dous contratos; facendo constar que non haberá achegas doutras entidades públicas ou privadas en relación co obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- CONTRATACIÓN

Conforme co establecido no CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA ESTABELECER

A COLABORACIÓN DE AMBAS AS DÚAS INSTITUCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REPARACIÓN DAS OBRAS DE TRAVESÍA DE BASTIAGUEIRO, SEBE SEPARADORA formalizada o 21 de maio de 2003 a contratación das obras correspondeulle ao concello.

CUARTA.- ACHEGA DA DEPUTACIÓN

A deputación achegará até un máximo de 92.565,29 euros logo da presentación previa da certificación final de obra acompañada de certificación de aprobación polo órgano competente da Corporación.

QUINTA.- DESTINO E COMPROBACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O Concello de Oleiros comprométese a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que se conceden, podendo comprobar a Deputación da Coruña, cando o considere pertinente, as obras executadas segundo o presente convenio.

De conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, o concello deberá destinar os bens ao fin concreto para o que lle se concede a subvención durante un prazo mínimo de 10 anos.

O mantemento e axeitada conservación das obras pasarán a ser por conta do Concello de Oleiros.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Co fin de establecer un seguimento coordinado da execución do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polos seus respectivos presidentes.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio iniciará a súa vixencia na data da súa sinatura e finalizará o 30 de novembro de 2004, prorrogábel por causas xustificadas.

OITAVA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posíbeis cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia del.

Correspóndelle ao Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio, logo do informe previo da Comisión de Seguimento.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que xurdan na interpretación do presente convenio aplicarase supletoriamente o Decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño e observarase o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

En proba de todo o cal asinan o presente documento por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

O ALCALDE DO CONCELLO
DE OLEIROS

Asdo. Salvador Fernández Moreda

Asdo.

O SECRETARIO DA DEPUTACIÓN

Asdo. José Luis Almau Supervía

11.- APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos e demais documentación da obra que figura no anexo a este acordo, das obras previstas na Primeira programación plurianual que vai contratar a deputación, incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, e aprobada polo Pleno desta deputación en sesión celebrada o 29.11.02, publicada no BOP nº 277 con data do 3.12.2002.

1º) Aprobar a 2ª fase da anualidade 2004 da Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación, incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, na que se inclúe a obra e demais gastos que conleva a súa execución que figuran no anexo a este acordo.

O resumo do financiamento desta 2ª fase da anualidade 2004 é o seguinte:

	2004	2005	TOTAL
DEPUTACIÓN	236.944,93	201.339,05	438.283,98
CONCELLO	198.333,99		198.333,99
TOTAL	435.278,92	201.339,05	636.617,97

2º) Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos da obra.

3º) Remitirlle este acordo á Xunta e a Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe, e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideraren oportunas. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo, esta fase entenderase definitivamente aprobada."

ANEXO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS INCLuíDAS NO CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIóNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Código	Concello/Denominación/Módulos	Presuposto total	2003	2004	2005
04-7450.0013.0	FERROL	Deputación 402.678,11	0,00	201.339,06	201.339,05
		Achega Concello 198.333,99	0,00	198.333,99	0,00
	ACONDICIONAMENTO ZONA DEPORTIVA	Total 601.012,10	0,00	399.673,05	201.339,05
04-7450.0013.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación 6.010,12	0,00	6.010,12	0,00
04-7450.0013.4	COORDINADOR SEGURIDADE E SAÚDE	Deputación 3.519,12	0,00	3.519,12	0,00
04-7450.0013.5	DIRECCIóN DE OBRA	Deputación 26.076,63	0,00	26.076,63	0,00
		Total Concello 636.617,97	0,00	435.278,92	201.339,05
RESUMO DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2004		Deputación 438.283,98	0,00	236.944,93	201.339,05
		Achega Concello 198.333,99	0,00	198.333,99	0,00
		TOTAL 636.617,97	0,00	435.278,92	201.339,05

12.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA “IGREXA DOS REMEDIOS DE TEIXEIRO” (CURTIS). CÓDIGO: 00.4100.0474.0 PAP.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto técnico da obra “Igrexa dos Remedios de Teixeiro” (Curtis), código 00.4100.0474.0 PAP, cun orzamento de 21.035,37 euros, con cargo á partida 0305/469A/762.31, RC 04/0009, nº de Rexistro 14.957 do 12/08/04.”

13.- APROBACIÓN DA 5ª FASE DA ANUALIDADE 2003 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN, INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto técnico e demais documentación da obra que figura no anexo a este acordo, das previstas na Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación, incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, aprobada polo Pleno desta deputación en sesión celebrada o 29.11.02 e publicada no BOP nº 277, con data do 3.12.2002.

1º) Aprobar a 5ª e última fase da anualidade 2003 da Primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación, incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, na que se inclúe a obra e demais gastos que conleva a súa execución que figura no anexo a este acordo.

O resumo do financiamento desta 5ª fase da anualidade 2003 é o seguinte:

	2003
DEPUTACIÓN	91.251,23
CONCELLO	19.789,42
TOTAL	111.040,65

2º) Aprobar, así mesmo, o correspondente proxecto técnico da obra.

3º) Remitirlle este acordo á Xunta e a Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez día para o seu coñecemento e informe, e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días, mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo, esta fase entenderase definitivamente aprobada.”

ANEXO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA 5ª FASE DA ANUALIDADE 2003 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS INCLÚIDAS NO CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Código	Concello/Denominación	Orzamento total		2003	2004	2005
03-7450.0022.0	VALDOVIÑO	Deputación	90.151,82	90.151,82	0,00	00
		Achega Concello	19.789,42	19.789,42	0,00	0,00
	ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL	Total	109.941,24	109.941,24	0,00	0,00
03-7450.0022.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	1.099,41	1.099,41	0,00	0,00
RESUMO DA 5ª FASE		Deputación	91.251,23	91.251,23	0,00	0,00
		Achega Concello	19.789,42	19.789,42	0,00	0,00
		TOTAL	111.040,65	111.040,65	0,00	0,00

14.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2004-4ª FASE INTEGRADA POLO PROXECTO COMPLEMENTARIO DO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 0301 DE PARADA A CONGOSTRO POR PONTE ARANGA, PK 8,300 AO 11,570. CÓDIGO: 04.1110.0014.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2004-4ª fase, integrado polo proxecto complementario do de ampliación e mellora de trazado na E.P. 0301, de Parada a Congosto por Ponte Aranga, PK 8,300 ao 11,570, código 04.1110.0014.0, por importe de 18.422,55 euros, con cargo á aplicación 0401/511B/60103, RC 04/0051, nº de Rexistro 8.280 do 19/10/04.

2.- Exporlle o proxecto ao público, mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Solicitalle a correspondente autorización á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.”

15.- MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA SEGUNDA ANUALIDADE (2004) DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Ratificar a Resolución da Presidencia nº 15.293 do 19/10/2004 de acordo co seguinte teor literal:

"Analizada a necesidade de proceder a urxente tramitación dos expedientes aos que se refire a presente resolución:

1.- Aprobar a modificación das actuacións da segunda anualidade (2004) do Plan de dinamización turística da Costa da Morte, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión do 25 de xuño de 2004, no seguinte modo:

A.- Anular as previsións de achegas 2005 para os proxectos “Páxina web” e “Plan de calidade”, nos importes aprobados de 25.000, 23.000 euros.

B.- Minorar en 48.000 euros a achega de 112.000 euros previstos na anualidade 2004 para o proxecto “Museo do mar en Laxe” que queda cunha dotación de 64.000 euros.

C.- Incorporar unha achega de 48.000 euros para a anualidade 2005 da obra “Museo do mar en Laxe”.

D.- Incrementar en 48.000 euros a achega prevista na anualidade 2004 para o proxecto “Museo da indumentaria”, adecuándoa á relación aprobada pola Comisión de Seguimento do plan na sesión do 26.05.2004.

2.- A relación das actuacións modificadas e a súa modificación é a seguinte:

ACTUACIÓNS APROBADAS	2003	1ª asignación 2004	2ª asignación 2004	2005	TOTAIS
Páxina web	50.000	25.000	0	25.000	100.000
Museo da indumentaria	137.100	78.000		0	215.100
P. de calidade	24.000	23.000	0	23.000	70.000
Museo do mar, Laxe			112.000		112.000
TOTAIS	211.100	126.000	112.000	48.000	497.100

ACTUACIÓNS MODIFICADAS	2003	1ª asignación 2004	2ª asignación 2004	2005	TOTAIS
Páxina web	50.000	25.000	0	0	75.000
Museo da indumentaria	137.100	78.000	48.000	0	263.100
P. de calidade	24.000	23.000	0	0	47.000
Museo do mar, Laxe			64.000	48.000	112.000
TOTAIS	211.100	126.000	112.000	48.000	497.100

3. A cantidade imputada ao plan, unha vez se aprobe a presente asignación mantense nos importes totais aprobados en sesión ordinaria polo Pleno na sesión do 25

de xuño de 2004 en **1.123.460 €** (anualidade 2004) e **463.750 €** (anualidade 2005) que se financian con cargo á partida 0305/751A/629.99 cód. 2003P0008.

4.- Da presente resolución daráselle conta ao próximo Pleno da Corporación para a súa eventual ratificación."

16.- ADENDA AO CONVENIO TOCANTE Á OBRA DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO DE TAMBRE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, SUBSCRITO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL, A CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO, XESTUR CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar a addenda ao convenio suscrito o 1 de febreiro de 2002 entre o IGVS, a Consellaría de Industria e Comercio, a Deputación Provincial, o Excmo. Concello de Santiago de Compostela e XESTUR Coruña, para a urbanización do Polígono do Tambre

2.- A redacción literal da addenda ao convenio é a seguinte:

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2002 ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, A CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E XESTIÓN URBANÍSTICA DA CORUÑA, S.A.

Santiago de Compostela, de de 2004.

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Alberto Núñez Feijóo, presidente do Consello do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no seu nome e representación.

Doutra, a Consellaría de Industria e Comercio, e no seu nome e representación o conselleiro, o Excmo. Sr. D. Juan Rodríguez Yuste, nomeado polo Decreto 255/1999, do 24 de setembro, en virtude das facultades que lle confire o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Excm. Deputación Provincial da Coruña, e no seu nome e representación, o seu presidente, o Ilmo. Sr. D. Jesús Salvador Fernández Moreda, segundo o disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 29 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Doutra parte, o Excmo. Concello de Santiago de Compostela, e no seu nome e representación, o seu alcalde-presidente, o Ilmo. Sr. D. José A. Sánchez Bugallo, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

E doutra parte, Xestión Urbanística da Coruña, S.A., e no seu nome e representación, o presidente do Consello de Administración, D. Jesús Almuiña Loeda, actuando no seu nome e representación.

As partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente documento, e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- O día 1 de febreiro de 2002, asinouse un convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellaría de Innovación, Industria e Comercio, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela e Xestión Urbanística da Coruña, S.A. para levar a cabo as obras de urbanización para a mellora das infraestruturas do Polígono Industrial do Tambre, en Santiago de Compostela.

Segundo.- Que xa iniciadas as obras observouse a necesidade de introducir certas modificacións que, ben debido ao paso do tempo dende a redacción do proxecto (deterioración do firme), ben debido a melloras solicitadas polo Concello de Santiago de Compostela (melloras no alumeado, presematorización e obra civil, recuamento de liñas eléctricas), motivou a redacción dun proxecto modificado que suporía un importe igual á baixa producida na adxudicación das obras, é dicir, 253.067,57 €; que foi aprobado pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do convenio.

Posteriormente como consecuencia da necesidade de soterrar as liñas eléctricas e as melloras esixidas na rede de hidrantes solicitadas polo servizo de bombeiros do Concello de Santiago, a Comisión de Seguimento encargou un 2º modificado que aprobou, e que supón un importe de 480.809,68 €.

Polo tanto, os dous modificados supoñen un total de 733.877,25 € ao que lle teríamos que incrementar os gastos de xestión da obra que corresponde a Xestur Coruña (80.726,50 €), a dirección de obra e seguridade e saúde (28.988,15 €) e os gastos de control de calidade (5.576,95 €) polo que supón un total de incremento respecto ao convenio inicial de 849.168,85 €.

Ao abeiro do exposto, e co obxectivo de coordinar as actuacións dos organismos, as partes acordan formalizar a presente addenda ao convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Modifícanse as estipulacións terceira e quinta do convenio no senso de que a cantidade que o IGVS achegará a Xestión Urbanística da Coruña incrementarase en **setecentos trinta e tres mil oitocentos setenta e sete euros con vinte e cinco céntimos (733.877,25 €)** para afrontar as obras dos dous modificados.

As administracións asinantes cofinanciarán estas actuacións do seguinte xeito:

	Anualidade	Importe
Instituto Galego da Vivenda e Solo.	2004	183.469,32 €
Consellería de Innovación, Industria e Comercio.	2004	183.469,31 €
Concello de Santiago de Compostela	2004	183.469,31 €
Deputación provincial da Coruña	2004	183.469,31 €

As achegas correspondentes ao IGVS realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 06.60.331A.740.0. ao longo de 2004.

As achegas correspondentes á Consellería de Innovación, Industria e Comercio realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.622A.760.0. ao longo de 2004.

As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa para resolver as discrepancias que xurdan en aplicación da presente addenda.

A presente addenda só incrementa as contías que achegarán as partes no convenio asinado o día 1 de febreiro de 2002, aplicándosele o resto do convenio ao presente documento.

En proba de conformidade, asínase a presente addenda, en cuadriplicado exemplar, no lugar e data citados arriba.

O PRESIDENTE DO CONSELLO DO
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA
E SOLO

O CONSELLEIRO DE INDUSTRIA E
COMERCIO

Alberto Núñez Feijoo

Juan Rodríguez Yuste

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL

O ALCALDE DO CONCELLO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA,

Salvador Fernández Moreda

José A. Sánchez Bugallo

O PRESIDENTE DO CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN DE XESTIÓN
URBANÍSTICA DA CORUÑA

Jesús Almuíña Loeda

3.- Facultar ao Ilmo Sr. Presidente para a sinatura da adenda.”

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.

